

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de novembro ao 31 de decembro do 2023, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 26 de outubro de 2023.- O Alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 3353

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA OPERARIO ADSCRITO /A AO SERVIZO DE OBRAS, PERSOAL LABORAL INDEFINIDO Ó 100% DA XORNADA BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO DE RELEVO VINCULACIÓN Á XUBILACIÓN PARCIAL DE DON L. DF.R

En Xunta de Goberno Local de data 23/10/2023 aprobáronse as bases do proceso selectivo indicado.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 26 de outubro do 2023.- O ALCALDE, PD. 21.06.2023 A 1ª TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3356

Anuncio

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA OPERARIO (OFICIAL) ADSCRITO /A AO SERVIZO DE MANTEMENTO, PERSOAL LABORAL INDEFINIDA Ó 100% DA XORNADA BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO DE RELEVO VINCULACIÓN Á XUBILACIÓN PARCIAL DE DON JA.P.P.

En Xunta de Goberno Local de data 23/10/2023 aprobáronse as bases do proceso selectivo indicado.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 26 de outubro do 2023.-O ALCALDE, PD. 21.06.2023 A 1ª TENENTE DE ALCALDE. Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3357